

Cuestión 15. Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos

Cando Felipe V accedeu ó trono (1700), España estaba formada por diferentes reinos con leis e institucións diferentes. Durante a Guerra de Sucesión, Felipe V, inspirándose no modelo de Estado francés, foi aprobando unha serie de decretos, denominados **Decretos de Nova Planta**, co obxectivo de lograr un maior grao de centralización territorial mediante a unificación lexislativa e institucional. Nos reinos da Coroa de Aragón, que tomaran partido polo arquiduque Carlos, foi suprimido o réxime foral, as leis e as institucións propias dos diferentes reinos (Valencia e Aragón en 1707, Mallorca en 1715 e Cataluña en 1716), e os representantes destes reinos pasaron a integrarse nas Cortes de Castela. O Consello de Castela quedou, en principio, como órgano esencial de goberno, xa que contaba con atribucións consultivas, lexislativas e xudiciais.

Os efectos da aplicación dos Decretos de Nova Planta son unha maior centralización e uniformidade lexislativa e administrativa.

- Os reinos da Coroa de Aragón perderon autonomía política e institucional (supresión de Cortes, Consellos, Deputacións, *Generalitat*).
- Na administración central, limitáronse as atribucións dos Consellos (órganos tradicionais da administración central) e introducíronse as **Secretarías de Despacho** (1721), especializadas nas principais materias de goberno (Estado, Xustiza, Facenda, Guerra...). A finais do XVIII constituíuse a **Xunta de Estado** (orixe do Consello de Ministros), que se reunía unha vez á semana para coordinar a acción de goberno dos Secretarios.
- A administración territorial baseouse na división provincial. En cada provincia, de tamaños e límites moi irregulares, estableceuse un **Capitán Xeneral** nomeado polo rei, con funcións militares e gobernativas que actuaba como delegado da autoridade real, eliminándose os vicerreis. En cada provincia tamén se estableceu unha **Audiencia**, que aconsellaba ó Capitán Xeneral e se encargaba de asuntos xudiciais, e un **Intendente**, encargado da recadación de impostos e da dinamización económica (realizar censos, impulsar o desenvolvemento da agricultura e da gandería, etc.).
- No goberno local xeneralizouse a figura do **corrixidor**, de nomeamento real e encargado da xustiza e da orde pública.
- Intentouse crear unha Facenda sólida (as arcas do estado estaban case baleiras como consecuencia das constantes guerras e de que a Coroa de Castela soportaba case toda a carga fiscal). Pretendeuse aumentar a recadación mediante un sistema fiscal unificado e baseado na riqueza de cada habitante (aínda que os grupos privilexiados seguían exentos dalgúns impostos). Na Coroa de Aragón, aplicouse a **Contribución única** (a administración impón unha cantidade fixa a cada reino e este debe distribuíla segundo a riqueza de cada individuo), pero Castela continuou co sistema de múltiples tributos.
- Suprimíronse as aduanas interiores existentes entre os distintos reinos da Coroa de Aragón e Castela, algo que favorecerá a expansión dos comerciantes cataláns no século XVIII e ó despegue económico de Cataluña.
- Someteuse a todos os súbditos ó mesmo ordenamento xurídico (o de Castela). Suprimíuse o dereito civil valenciano, pero se mantivo o de Aragón e Cataluña.
- Impúxose o castelán como lingua da administración.
- Substituíronse os terzos polo sistema de levas e quintas para nutrir ó exército. A tropa do exército formábase con soldados profesionais mediante recruta voluntaria e quintas forzosas, baseadas na elección por sorteo de un home de cada cinco e levas forzosas de vagabundos e xentes sen oficio (abolidas en 1732), durante oito anos.

Todas estas reformas incrementaron o centralismo e a uniformidade dos territorios, aínda que persistiron particularismos, como o de Navarra e as provincias vascas que mantiveron os seus privilexios forais e os seus réximes tributarios especiais, en gran parte polo seu apoio á causa borbónica durante a Guerra de Sucesión.

